



Liñas xerais do  
orzamento da  
Universidade de  
Santiago de  
Compostela

2017

## ÍNDICE

1. PREMISAS DE FORMULACIÓN DAS LIÑAS XERAIS .....	1
Carencia de marco orzamentario explícito por parte da Xunta de Galicia .....	1
Necesidade de aprobación en prazo do orzamento da USC a causa das esixencias do noso Plan Económico Financeiro de Reequilibrio .....	1
Posibilidade de orzamentar sobre mínimos derivados do Plan Galego de Financiamento Universitario.....	1
2. RESUMO XERAL DO ORZAMENTO .....	4
3. LIÑAS BÁSICAS DO PROXECTO .....	6
4. INGRESOS E GASTOS AFECTADOS.....	7
5. INGRESOS E GASTOS NON AFECTADOS .....	10
5.1 Ingresos .....	10
5.2 Gastos.....	12
Capítulo I: Gastos de Persoal .....	12
Capítulo II: Gastos correntes.....	13
Capítulo IV: Transferencias correntes .....	15
Operacións de investimento: Capítulos VI e VII.....	17
Operacións de saneamento financeiro: Capítulo V, Fondo de Reserva, e Capítulo VIII variación de activos financeiros.....	18
Gastos financeiros: Capítulos III e IX, Variación de pasivos financeiros .....	19
Orzamento para o Consello Social .....	20

## **1. PREMISAS DE FORMULACIÓN DAS LIÑAS XERAIS**

### **CARENCIA DE MARCO ORZAMENTARIO EXPLÍCITO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA**

A carencia a día de hoxe dun proxecto orzamentario por parte da Xunta de Galicia que, como consecuencia do calendario político autonómico e da inexistencia dun orzamento do Estado para 2017, non se vai concretar antes de que finalice este exercicio, entra en contradición coa necesidade de que a USC aprrobe en prazo (é dicir, antes do 31 de decembro de 2016) o seu orzamento para 2017. Tal necesidade nace tanto das esixencias do noso Plan Económico Financeiro de Reequilibrio, que fai que existan créditos que cómpre dotar para facer fronte ao conxunto das súas previsións, como do feito de que consolidar unha dinámica de normalidade orzamentaria na nosa institución, tras un prolongado período no que se operou con orzamentos prorrogados, é moi importante para asentar unha xestión económico-financeira rigorosa e ordenada. E esta, por outra parte, é un requisito básico para que a institución avance na senda da mellora do seu desempeño no campo da docencia e da investigación, o desenvolvemento e a innovación, que son as funcións que ten encomendadas por parte da sociedade.

### **NECESIDADE DE APROBACIÓN EN PRAZO DO ORZAMENTO DA USC A CAUSA DAS ESIXENCIAS DO NOSO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DE REEQUILIBRIO**

O empeño de acometer a elaboración dos orzamentos de 2017 malia esa eiva, é posible de adoptar unha estratexia que asente o proxecto de orzamentos sobre as certezas que se derivan do Plan Galego de Financiamento Universitario e dos ingresos propios, deixando á marxe da formulación inicial os aspectos que deben ser concretados no orzamento da Xunta, tanto na súa dimensión reguladora como financiadora.

### **POSIBILIDADE DE ORZAMENTAR SOBRE MÍNIMOS DERIVADOS DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO**

Neste sentido, cómpre lembrar que o Plan Galego de Financiamento Universitario, aprobado en decembro de 2015 e con vixencia ata 2020, asegura un marco financeiro mínimo, no que se incorpora unha dinámica regrada de asignación de fondos, que fai viable o empeño anteriormente sinalado.

En concreto, en sesión do 21 de xullo de 2016 da Comisión de Seguimento do Plan Galego de Financiamento universitario, as Consellerías de Facenda e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comunicaron ás universidades o resultado de asignación do fondo estrutural para o exercicio de 2017, o cal, tras a corrección de erros que, sobre a información que no seu momento facilitara a Universidade de Vigo

xunto coas outras universidades, e na hipótese de que a contía agregada dos fondos estruturais e de resultados, vinculados entre si no PGFU, fose idéntica, en termos nominais, á dotada en 2016, da lugar a este reparto:

	<b>2016</b>	<b>%</b>	<b>2017</b>	<b>%</b>	<b>Diferenza</b>
<b>Crédito fondo estrutural</b>	<b>241,3 M€</b>	<b>100%</b>	<b>234,1 M€</b>	<b>100%</b>	<b>-7,2 M€</b>
UdC	64,6 M€	26,77%	63,2 M€	27,00%	-1,4 M€
USC	98,9 M€	40,99%	97 M€	41,44%	-1,9 M€
UdV	77,8 M€	32,24%	73,9 M€	31,57%	-3,9 M€

A redución do fondo estrutural, que é de 7,2 millóns de Euros, débese á diminución do número de alumnos de graos e mestrados oficiais e, en consecuencia, de créditos matriculados, experimentada polo SUG entre o curso 2013/2014, que serviu de base para o cálculo dos recursos a dedicar en 2016, e o promedio dos cursos 2013/2014 e 2014/2015, que serven para dimensionar o fondo en 2017.

Como xa se sinalou, a mecánica do PGFU determina que a diminución do fondo estrutural acreza en igual contía o fondo por resultados, de forma que, en base á nova estimación dos indicadores entre as tres universidades, e quedando pendente a determinación final dos 3 primeiros do panel establecido para o reparto (que ten que elaborar a Xunta e respecto da cal con certeza a nosa universidade vai mellorar a súa posición respecto ao 2016, mellora que non se reflicte na porcentaxe a aplicar inicialmente), a USC obtén unha porcentaxe lixeiramente superior á obtida e 2016, e, xa que logo, un resultado financeiro que se concreta neste cadro:

	<b>2016</b>	<b>%</b>	<b>2017</b>	<b>%</b>	<b>Diferenza</b>
<b>Crédito fondo resultados</b>	<b>55,15 M€</b>	<b>100%</b>	<b>62,35</b>	<b>100%</b>	<b>7,2M€</b>
UdC	11,60 M€	21,04%	14,08M€	22,58%	2,48 M€
USC	24,28 M€	44,02%	27,86M€	44,69%	3,59 M€
UdV	19,27 M€	34,94%	20,41M€	32,73%	1,14 M€

Como consecuencia desa dinámica combinada de fondos, é posible establece un financiamento básico da USC para 2017 que parta da mera prórroga dos fondos destinados pola Xunta en 2016 ao sistema.

Ese resultado sería o seguinte:

	<b>2016</b>	<b>%</b>	<b>2017</b>	<b>%</b>	<b>Diferenza</b>
<b>Crédito total</b>	<b>296,45 M€</b>	<b>100%</b>	<b>296,45 M€</b>	<b>100%</b>	<b>0 M€</b>
UdC	76,20 M€	25,70%	77,28 M€	26,07%	1,08 M€
USC	123,18 M€	41,55%	124,86 M€	42,12%	1,69 M€
UdV	97,07 M€	32,74%	94,31 M€	31,81%	-2,76 M€

Estas cifras (as que cómpre engadir o fondo de RAM e de financiamento do Consello Social, por un importe de 2,21 e 0,2 millóns de Euros, respectivamente) son as que serven de base para a elaboración destas liñas de orzamento nas que, obviamente, non estarán recollidas as decisións de incrementos retributivos que fixe a Xunta –que terán que ser financiadas con recursos adicionais-, nin outras melloras de financiamento que podan derivarse da política orzamentaria da Comunidade Autónoma que, de se producir, darían pé a correccións á alza das previsións contidas neste documento.

Os recursos adicionais que se podan incorporar ao orzamento da USC procedentes do financiamento incondicionado do PGFU adicaranse a:

- Acrecer a dotación do Capítulo I para actuacións que non supoñan gasto consolidado, especialmente as dirixidas á formación do persoal, dedicando un 10% dos recursos adicionais.
- Ampliar os créditos para investimento, que permitan atender, coa debida priorización, as necesidades de reforma, ampliación e mellora de edificios e ás melloras na dispoñibilidade de equipamentos xerais, especialmente nos centros docentes, para o que se aplicará un 45%.
- Ampliar os créditos descentralizados a centros, dedicando un 15%.
- Ampliar os créditos descentralizados a departamentos, dedicando un 15%.
- Ampliar os créditos descentralizados a Institutos e Centros de Investigación, dedicando un 5%.
- Ampliar as accións de renovación de equipamento docente, especialmente no tocante a recursos tecnolóxicos, aplicando un 5%.
- Acrecer os recursos destinados a servizos de apoio á docencia e á investigación, dedicando un 5%.

## 2. RESUMO XERAL DO ORZAMENTO

O orzamento proposto nestas liñas xerais é o seguinte:

### Ano 2017

INGRESOS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS
PGFU	127.277.242,10 €	15.507.376,27 €	142.784.618,37 €
Prezos públicos	18.400.000,00 €		18.400.000,00 €
Posgrao e I+D	5.949.146,85 €	46.411.779,98 €	52.360.926,83 €
Resto ingresos	4.648.229,97 €		4.648.229,97 €
<b>TOTAL</b>	<b>156.274.618,92 €</b>	<b>61.919.156,25 €</b>	<b>218.193.775,17 €</b>

Para comparar este orzamento de ingresos co inicial de 2016 é necesario lembrar que este incorporou certos créditos afectados que non deben considerarse para unha comparación homoxénea, que son os indicados no seguinte cadro:

<b>Financiamento afectado extraordinario 2016</b>	<b>4.233.939,97 €</b>
Exceso de financiamento dos fondos SERGAS	1.143.417,44 €
Financiamento para reintegro extras	3.090.522,53 €

Así, a comparación homoxénea entre os orzamentos de ingresos de 2016 e os propostos nestas liñas para 2017 é a seguinte:

INGRESOS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS
<b>TOTAL 2017</b>	156.274.618,92 €	61.919.156,25 €	218.193.775,17 €
<b>TOTAL 2016</b>	154.731.684,08 €	60.326.367,40 €	215.058.051,48 €
<b>Diferencia</b>	1.542.934,84 €	1.592.788,85 €	3.135.723,69 €
<b>% variación</b>	1,00	2,64	1,46

No que atinxe aos gastos financiados con recursos non afectados, a proposta formulada nestas liñas para 2017 é a seguinte:

CAPÍTULO	2016	2017	DIFERENZA	
	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
I. Gastos Persoal	122.197.463,36 €	122.726.156,11€	528.692,75€	0,43
II. Gastos correntes	23.587.038,55€	22.381.363,92€	-1.205.674,63€	-5,11
III. Gastos financeiros	1.043.404,29€	787.010,33€	-256.393,96€	-24,57
IV. Transferencias correntes	1.106.000,00€	1.100.000,00€	-6.000,00€	-0,54
V PEFR	586.185,78€	250.000,00€	-336.185,78€	-57,35
VI. Investimentos reais	3.625.147,82€	3.680.000,00€	54.852,18€	1,51
VII. Transferencias de capital	200.000,00€	200.000,00€	-	0,00
VIII. Activos financeiros	-	500.000,00€	500.000,00€	0,00
IX. Pasivos financeiros	2.386.443,95€	4.650.088,56€	2.263.644,61€	94,85
<b>TOTAL</b>	<b>154.731.683,75€</b>	<b>156.274.618,92€</b>	<b>1.542.935,17€</b>	<b>1,00</b>

### 3. LIÑAS BÁSICAS DO PROXECTO

Antes de concretar as opcións e medidas que se queren impulsar con este orzamento, cómpre establecer as liñas básicas do proxecto que, no marco dunha xestión económico-financeira destinada a atender o máis eficientemente posible as necesidades do servizo público universitario asegurando, ao tempo, a consolidación orzamentaria e o saneamento financeiro da institución, son as seguintes:

**NO QUE ATINXE AOS INGRESOS**, realizar unha estimación cauta dos recursos, afectados e non afectados, reaxustando á baixa o previsto ingresar por prezos públicos por importe de 0,32 millóns de Euros, mantendo constantes os ingresos por custes indirectos conseguidos en 2016 (5,9 millóns de Euros) así como o resto dos ingresos propios (4,65 millóns de Euros), e non considerando ningún posible ingreso extraordinario.

**NO QUE ATINXE AOS GASTOS**, absorber o incremento de gasto financeiro por amortizacións de débedas, que supón 2,2 millóns de Euros respecto a 2016 (un 94,85% máis); manter recursos para minorar o déficit acumulado, destinando un fondo de reserva de 0,25 millóns de Euros; contribuír ao saneamento financeiro da USC regularizando orzamentariamente o saldo de anticipos de tesourería facilitados pola universidade a UNIXEST e pendente de reintegro, por importe de 0,5 millóns de Euros, en consonancia co Plan de Viabilidade para UNIXEST aprobado pola Xunta xeral de Socios de UNIXEST (Consello de Goberno da USC); financiar as previsións dos Plans de PDI e PAS formulados polo equipo de goberno que, sen contar cos incrementos retributivos que se fixen legalmente e cos conceptos vinculados ao financiamento afectado, supón incrementar a masa salarial consolidada en 0,49 millóns de Euros, é dicir, un 0,4%; asegurar unha partida para impulsar a elaboración do Plan Estratégico do Campus da Cidadanía; levar a efecto unha moi significativa redución do gasto corrente do Capítulo II, en 1,2 millóns de Euros (un 5,11%), concentrada na minoración de coste de subministracións centralizadas e nunha mellora de financiamento en servizos de I+D e en créditos descentralizados a centros; e, por último, asegurando un lixeiro crecemento dos investimentos, incrementando os créditos destinados á mellora da calidade docente.



#### 4. INGRESOS E GASTOS AFECTADOS

Os recursos afectados no orzamento deben desdoblarse en dúas categorías:

- a) Os que proceden do Plan Galego de Financiamento Universitario para cubrir gastos de persoal polo coste efectivamente producido, que son os sexenios, os complementos retributivos autonómicos e as retribucións fixadas no ámbito sanitario para o persoal universitario con prazas vinculadas, cuxas estimacións iniciais son as que se conteñen no cadro seguinte:

AFECTADOS	2016	2017	Diferenza
Sexenios e CRA	10.812.546,24€	11.622.816,59 €	810.270,35 €
Atrasos CRA	404.411,20€	385.500,84 €	-18.910,36 €
SERGAS	3.148.233,19€	3.499.058,84 €	350.825,65 €
<b>TOTAL</b>	<b>14.365.190,63€</b>	<b>15.507.376,27 €</b>	<b>1.142.185,64 €</b>

- b) Os que son obtidos pola universidade en base a ofertas específicas de servizos docentes ou asistenciais, a actividades de carácter contractual ou competitivo en I+D e aos recursos procedentes de actuacións de patrocinio. Nestes casos, dos recursos captados detráese unha parte, que pasa a ter a consideración de ingreso non afectado, xa que financia de forma xenérica as necesidades operativas da universidade, e o resto da lugar á dotación dun crédito para abordar o gasto necesario para desenvolver a actividade concreta pola cal a universidade recibiu os fondos do ente financiador correspondente. O detalle das previsións a este respecto contéñense no seguinte cadro:

RECURSOS AFECTADOS	INGRESOS	CUSTOS INDIRECTOS	% aplicado	GASTO AFECTADO
<b>CAPÍTULO III</b>				
POSGRAO	1.721.000,00€	258.150,00€	15,00%	1.462.850,00 €
CONGRESOS	347.318,44€	52.097,77€	15,00%	295.220,67 €
ATENCIÓNS CLÍNICAS	925.642,50€	138.846,38€	15,00%	786.796,13 €
SERVIZOS INVESTIGACIÓN	9.201.617,97€	1.625.834,71€	17,67%	7.575.783,26 €
	<b>12.195.578,91€</b>	<b>2.074.928,85€</b>	<b>17,01%</b>	<b>10.120.650,06 €</b>

<b>CAPÍTULO IV. Banco Santander</b>	<b>1.800.000,00€</b>	<b>360.000,00€</b>	<b>20,00%</b>	<b>1.440.000,00 €</b>
-------------------------------------	----------------------	--------------------	---------------	-----------------------

<b>CAPÍTULO VII</b>	<b>33.097.377,43€</b>	<b>2.752.152,1€</b>	<b>6,80%</b>	<b>30.845.473,66 €</b>
---------------------	-----------------------	---------------------	--------------	------------------------

<b>CAPÍTULO IX</b>	<b>4.767.722,16€</b>	<b>762.065,90€</b>	<b>15,98%</b>	<b>4.005.656,26 €</b>
--------------------	----------------------	--------------------	---------------	-----------------------

<b>TOTAL</b>	<b>51.860.678,50€</b>	<b>5.949.146,85€</b>	<b>10,51%</b>	<b>46.411.779,98€</b>
--------------	-----------------------	----------------------	---------------	-----------------------

Estas previsións están realizadas en base a estimacións prudentes, xa que os ingresos afectados que se prevé executar en 2016 son 75.089.264,2 €, fronte aos **61.919.156,25€** considerados inicialmente para 2017. Dende o punto de vista técnico, cómpre salientar que as contías orzamentadas no Capítulo IX, *Variación de pasivos financeiros*, correspóndense con anticipos de subvencións que, unha vez executadas e xustificadas, pasan a ser contabilizadas como subvencións de capital, polo que, en uso universitario, non deben ter a consideración de débedas financeiras.

No que atinxe aos gastos procedentes dos ingresos afectados do patrocinio do Banco de Santander, a aplicación dos mesmos responde a estas liñas de acción e avaliación cuantitativa:

<b>FINALIDADE</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Programas de xestión e captación de talento</b>	<b>499.000,00 €</b>
Divulgación científica	184.000,00 €
Transferencia de coñecemento (patentes)	70.000,00 €
Cátedras Institucionais	20.000,00 €
Apoio a Centros Singulares/Estacións/Institutos	115.000,00 €
Apoio a programas de captación de talento	110.000,00 €
<b>Apoio ao emprendemento</b>	<b>165.000,00 €</b>
<b>Apoio a programas de innovación docente</b>	<b>285.000,00 €</b>
<b>Apoio á administración electrónica</b>	<b>100.000,00 €</b>
<b>Apoio promoción internacional de la USC</b>	<b>231.000,00 €</b>
<b>Apoio ás accións USC Responsable e Voluntariado</b>	<b>160.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.440.000,00 €</b>

Dun xeito máis concreto, estas actuacións son:

- Apoio ao emprendemento: que permitiría atender ao financiamento de UNINOVA, de axudas a emprendedores e do Acelerador de Transferencia.
- Apoio a programas de innovación docente: que permitiría financiar actuacións de ampliación da oferta de docencia non presencial; a implementación de accións de mellora da calidade docente (100.000€); de prácticas de campo e de desenvolvemento do Plan Estratéxico do Campus da Cidadanía.

- Apoio á administración electrónica: que permitiría financiar aplicacións específicas que faciliten e extensión desas ferramentas na USC.
- Apoio á promoción internacional da USC: que permitirá financiar o funcionamento do Centro de Benvida Internacional (IWC), o do Servizo de Relacións Exteriores e as actuacións de mobilidade e cooperación con Iberoamérica.
- Apoio ás acción USC Responsable e voluntariado: que permitirá financiar as bolsas a estudantes asociadas a esas liñas de actuación, actuacións do Plan de desenvolvemento sostible e do Plan de Igualdade, e as actividades do IV Ciclo.

## 5. INGRESOS E GASTOS NON AFECTADOS

No que atinxe aos ingresos e gastos non afectados, cómpre sinalar o seguinte:

### 5.1 Ingresos

Como xa se indicou, as transferencias do Plan Galego de Financiamento Universitario están calculadas sobre a base de considerar a mesma contía global que en 2016 tiveron o fondo estrutural máis o de resultados, que para a totalidade do SUG supuxo 296,45 millóns de Euros, e que implica que o financiamento da USC mellore en 1,69 millóns o obtido en 2016.

As outras partidas do Plan mantéñense nos seus importes de 2016, de forma que o resultado é o seguinte:

<b>NON AFECTADOS</b>	<b>TOTAL USC</b>
Financiamento estrutural e resultados	124.860.000,00 €
Consello Social	200.000,00 €
RAM (mesmo importe 2016)	2.217.242,10 €
<b>TOTAL</b>	<b>127.277.242,10 €</b>
<b>Ano 2016</b>	<b>125.587.242,10 €</b>

No que atinxe aos prezos por servizos académicos, e con independencia de que os datos de alumnos de inicio de estudos en grao e a evolución da matrícula total de alumnos de grao e máster medre a partir do curso 2016/2017 ao desaparecer o efecto da supresión das licenciaturas, cousa que pode deducirse deste cadro e da circunstancia da data en que se establece a comparación entre cursos, considérase prudente formular unha previsión de ingresos de matrícula para o exercicio de 2017 que non supere a estimación de recadación efectiva prevista para 2016, situándose, xa que logo, nos 18,4 millóns de Euros (fronte aos 18,72 estimados no orzamento inicial anterior).

<b>Estudo</b>	<b>Curso 2016/2017</b>	<b>Curso 2015/2016</b>	<b>Evolución</b>	<b>% evolución</b>
Totais de grao	20.096	20.074	22	0,11%
Totais de máster	1.951	1.892	59	3,12%
Total de licenciatura	31	364	-333	-91,48%
Total inicio de estudos grao	4.191	4.209	-18	-0,43%

**Nota:** en 2015/2016 á data de comprobación (15/10) había un prazo de matrícula máis que en 2016/2017, polo que o dato deste último curso vai mellorar.

No que afecta aos ingresos por custes indirectos non se considera necesario insistir nos criterios de orzamentación, xa adiantados nos epígrafes 3 e 4. b) deste documento.

Por último, nos outros ingresos da universidade óptase por adaptar as previsións ás perspectivas reais de liquidación de dereitos recoñecidos derivadas da evolución do orzamento de 2016, reducindo o volume total respecto a este ano en 363.133,76 €.

CONCEPTO	INGRESOS NON AFECTADOS
PREZOS CENTRO LINGUAS MODERNAS	594.061,82 €
MATRICULA CUARTO CICLO	25.000,00 €
PREZOS OUTROS ESTUDOS	32.711,03 €
DEREITOS DE INSCRICIÓN EN OPOSICIÓN E CONCURSOS	8.384,21 €
INSCRICIÓN, CONGRESOS, SEMINARIOS, ETC.	25.306,17 €
DEREITOS ALOXAMENTO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2.170.000,00 €
OUTROS SERVIZOS DOCENCIA	98.019,39 €
SERVIZOS PRESTADOS ATENCIÓN CLÍNICAS	94.136,06 €
ESCOLA INFANTIL BREGÁN	118.817,05 €
COTAS USO INSTALACIÓN DEPORTIVAS	543.481,47 €
ENTRADAS MUSEO HISTORIA NATURAL	39.426,00 €
VENDAS DE PUBLICACIÓN PROPIAS	18.496,08 €
VENDAS ENERXÍA ELÉCTRICA	90.000,00 €
ANUNCIOS CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	7.985,81 €
COMPENSACIÓN CONSUMOS SUBMINISTROS CONCESIONARIOS	420.000,00 €
OUTROS INGRESO DIVERSOS	45.654,26 €
<b>TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>	<b>4.331.479,35 €</b>
XUROS DE CONTAS BANCARIAS	6.000,00 €
ALUGUERES E PRODUCTOS DE INMOBLES	210.750,62 €
CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS	100.000,00 €
<b>TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS</b>	<b>316.750,62 €</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE OUTROS INGRESOS PROPIOS</b>	<b>4.648.229,97 €</b>
<b>Importe orzamentado en 2016</b>	<b>5.011.363,73 €</b>

## 5.2 Gastos

No que respecta aos gastos financiados con recursos non afectados, os aspectos máis salientables destas liñas orzamentarias son os seguintes:

### CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL

O importe orzamentado contempla o crédito necesario para, reducindo o derivado das xubilacións forzosas de PDI e PAS funcionario, así como do persoal laboral suxeito á xubilación parcial, cumprir a senda fixada no Plan Financeiro de Reequilibrio, absorber as derivas de custes retributivos do cadro de persoal e implementar as medidas de reposición efectiva de prazas e recursos orzamentarios para o persoal derivadas dos respectivos plans impulsados polo equipo de goberno, e que supoñen estas contías:

	<b>Dotación en 2017</b>	<b>Valor consolidado</b>
Incrementos consolidados PAS	150.000,00€	300.000,00€
Incrementos consolidados PDI	500.000,00€	1.050.000,00€
<b>Gasto total orzamentado en valor anual</b>	<b>650.000,00€</b>	<b>1.350.000,00€</b>

### Persoal Docente e Investigador

Os eixos de acción do plan de persoal son:

- 1.- Dotación de prazas novas por cobertura de necesidades e por consolidación de persoal investigador respecto ao que hai compromisos;
- 2.- Consolidación de cadros de persoal estruturais por transformación de prazas de Axudante a Profesor Contratado Doutor;
- 3.- Consolidación de cadros de persoal estruturais por transformación de prazas de profesor interino a Profesor Contratado Doutor;
- 4.- Promoción de Profesores Contratados Doutores a Profesor Titular de Universidade (transformación que require dotar o primeiro ano a praza de titular por coste total que, ao ano seguinte, é recuperada polo coste da de contratado doutor se quen obtén a praza é un profesor da USC);
- 5.- Promoción de Profesores Titulares de Universidade a Catedráticos de Universidade (que require idéntico procedemento de orzamentación que o sinalado para o caso anterior)

## **Persoal de Administración e Servizos**

Os eixos de acción para o persoal de administración e servizos son:

- 1.- A funcionarización do persoal laboral
- 2.- Dotación de novos efectivos
- 3.- Corrección de desequilibrios retributivos entre colectivos
- 4.- Axustes derivados da reorganización de servizos

Os recursos orzamentados poden verse ampliados de se concretar a funcionarización do persoal laboral. En calquera caso, a programación final da aplicación dos recursos entre estes catro eixos dependerá do proceso de negociación coa representación unitaria do PAS, xa iniciada, sendo un obxectivo básico aplicar recursos á reposición real de efectivos, toda vez que o cadro de persoal de administración e servizos da USC leva dende a adopción das medidas de control do gasto e supresión da taxa de reposición sen que esta se teña producido. A estimación desa reposición efectiva sitúase en 6 prazas.

## **CAPÍTULO II: GASTOS CORRENTES**

No que se corresponde cos gastos en provisión de bens e servizos correntes, orzamentados no Capítulo II, e cuxa proposta detállase no cadro seguinte que contén a previsión para 2017 e a variación que supón respecto a 2016, é conveniente salientar o seguinte:

- Do importe total do capítulo (22,381 millóns de Euros), 15,795 millóns, é dicir, o 70,57%, correspóndense con gastos de servizos e subministracións básicos.
- Respecto a 2016, hai unha redución total do capítulo de 1,2 millóns de Euros.

Tal redución concéntrase, sobre todo, nos créditos centralizados (1,48 millóns de Euros) e, moi especialmente, nos gastos fixos que, tras o balance entre reducións –especialmente a de subministracións enerxéticas- e incrementos –especialmente en mantemento de instalacións e maquinaria, expedición de títulos, prevención de riscos, servizos hixiénicos e o contrato con CEDRO, proposto pola CRUE, para a retribución de dereitos de propiedade intelectual polo uso universitario de publicacións e outras producións creativas- permite unha redución de 1,53 millóns de Euros. Os outros gastos centralizados mantéñense ou varían lixeiramente, en algún caso a causa do axuste de prezos de servizos que manteñen as condicións de prestación –caso da área TIC-, ou a axustes no volume previsto de actividade, como no caso das Teses de Doutoramento, ou á ampliación dos servizos financiados, como sucede co contrato de mantemento de equipos de investigación da RIAIDT, ou á supresión de liñas de financiamento, como a de apoio a másteres oficiais, que se desprazan ao

financiamento descentralizado ou a acción de mellora da calidade, orzamentadas no Capítulo VI.

Pola contra, increméntase a dotación de créditos descentralizados en 275 mil Euros, o que supón un 26,2% de incremento respecto ao 2016.

No concernente á xestión do reparto de créditos descentralizados a Centros as contías distribuídas por parámetros se asignarán en base a criterios aprobados con anterioridade á entrada en vigor dos orzamentos, de forma que estes poidan ser dotados dende o comezo do exercicio.

CAPÍTULO II	ORZAMENTO 2017	DIFERENZA 2016
<b>Créditos Centralizados</b>	<b>21.056.363,92 €</b>	<b>-1.480.674,63 €</b>
<b>Gastos fixos</b>	<b>15.795.360,00 €</b>	<b>-1.532.402,00 €</b>
Arrendamento equipos transp e procesos	141.000,00 €	-5.000,00 €
Mantemento instalacións e maquinaria	1.316.000,00 €	246.000,00 €
Subministros (auga, enerxía)	4.510.000,00 €	-1.890.000,00 €
Comunicacións	100.000,00 €	- €
Seguros	126.000,00 €	-20.000,00 €
Tributos	100.000,00 €	155,71 €
Expedición de títulos	170.000,00 €	66.000,00 €
CRUE	12.360,00 €	- €
Asesoramentos fiscais e xurídicos	75.000,00 €	- €
Prevenición riscos laborais	237.000,00 €	19.000,00 €
Servizos hixiénicos tratamento residuos	225.000,00 €	96.000,00 €
Mantem. de zonas axardinadas (Lugo)	85.000,00 €	- €
Limpeza	7.353.000,00 €	- €
Seguridade	1.275.000,00 €	-114.557,71 €
contrato CEDRO	70.000,00 €	70.000,00 €
<b>Outros gastos centralizados</b>	<b>678.689,7 €</b>	<b>-18.394,98 €</b>
Gastos centralizados	350.000,00 €	- €
Material	155.000,00 €	17.000,00 €
Reparación de maquinaria (vehículos)	7.750,40 €	975,20 €
Teses doutoramento	133.629,82 €	-36.370,18 €
Cargos académicos estudantes	32.309,48 €	- €
<b>Apoio á docen. e investigación</b>	<b>2.827.207,22 €</b>	<b>84.668,72 €</b>
Biblioteca	928.252,79 €	40.400,00 €
BUGalicia	1.200.916,99 €	- €
BUGalicia ingresos 5% custes indirectos	345.000,00 €	-55.000,00 €
RIAITD Reparación (100% custe anual)	270.537,44 €	135.268,72 €
Arquivo, Est Biolóxi, CEBEGA, Observat	15.300,00 €	-10.000,00 €
Publicacións, SERVIMAV, CIEDUS	10.000,00 €	10.000,00 €
IV Ciclo	10.000,00 €	- €
Apoio á docencia de másteres oficiais	- €	-36.000,00 €



<b>CAPÍTULO II</b>	<b>ORZAMENTO 2017</b>	<b>DIFERENZA 2016</b>
Profesorado Máster de Secundaria	26.500,00 €	- €
CLM	5.700,00 €	- €
Prácticas de campo	10.000,00 €	- €
Outros cursos e conferencias	15.000,00 €	15.000,00 €
Cátedras Institucionais	0,00 €	-15.000,00 €
<b>Servizos á comunidade univ.</b>	<b>1.637.607,00 €</b>	<b>-14.546,37 €</b>
ATIC	1.258.500,00 €	-14.546,37 €
Reparación infraestruturas e seguridade	153.000,00 €	- €
Deportes	100.000,00 €	- €
SUR	60.000,00 €	- €
Escola Infantil Breogán	19.107,00 €	- €
Cultura/Exposición USC	35.000,00 €	- €
Voluntariado, Igualdade, Desenvolvemento Sostible, Or. Laboral	0,00 €	- €
Normalización Lingüística	12.000,00 €	- €
<b>Créditos descentralizados</b>	<b>1.325.000,00 €</b>	<b>265.000,00 €</b>
Centros docentes	1.135.000,00 €	225.000,00 €
I. Criminoloxía	80.000,00 €	- €
Centro Internacional de Estudos de doutoramento e avanzados (CIEDUS)	50.000,00 €	10.000,00 €
CETA	35.000,00 €	
Centro de Estudos Propios	10.000,00 €	25.000,00 €
Institutos	15.000,00 €	5.000,00 €
<b>SUBTOTAL CAPÍTULO II (Sen Consello Social)</b>	<b>22.263.863,92 €</b>	<b>-1.205.674,63 €</b>
<b>Funcionamento Consello Social</b>	<b>117.500 €</b>	<b>- €</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO II</b>	<b>22.381.363,92 €</b>	<b>-1.205.674,63 €</b>

#### **CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES**

Tras a importante redución realizada neste capítulo no orzamento de 2016 respecto ao de 2015, as liñas xerais para o orzamento de 2017 supoñen un mantemento practicamente total do gasto (so se produce unha redución de 6 mil Euros) de forma que a atención ás bolsas e subvencións á comunidade universitaria e as transferencias a servizos universitarios, como a Fundación USC-Deportiva, a Fundación Rof-Codina e a subvención a favor de UNIXEST para a explotación da Casa de Europa, mantéñense nos mesmos termos que no ano anterior. En relación con esta última subvención, unha vez aprobado o plan de viabilidade de UNIXEST, deberá considerarse o mantemento ou a conversión a outra modalidade desta liña de axuda en base ao enfoque definitivo que se dea á xestión da Casa de Europa.

No que atinxe ás transferencias a servizos interuniversitarios (CIXUG, ITMATI, Grupo Compostela, BUGalicia e CIUG) mantéñense tamén as contías do ano 2016, cun axuste de 6 mil Euros no caso da CIUG debido á probable redución en 2017 dos seus gastos operativos.

Mantéñense igualmente as contías para subvencións a institucións e actividades externas, dentro das que se reservan 22.500 Euros para as accións que decida promover o Consello Social.

Finalmente, contéplase, como en 2016, un financiamento de 100 mil Euros para as Bolsas Comedor SUR sen repercutir en ingresos e gastos os 521 mil Euros que se corresponden coas cotas de residencia deixadas de percibir para atender as obrigas desta liña de axudas para residentes con bolsa do MEC, e que si se incluírán na formulación definitiva do orzamento.

#### CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

	<b>Non afectados</b>
<b>Bolsas e subvencións</b>	<b>26.000,00 €</b>
BOLSAS ESTUDANTES E CULTURA	6.000,00 €
BOLSAS CALIDADE	20.000,00 €
<b>Transferencias a servizos universitarios</b>	<b>624.790,00 €</b>
FUNDACIÓN USC-DEPORTIVA	419.790,00 €
SUBV. EXPLOTACIÓN UNIXEST (CASA DE EUROPA)	20.000,00 €
FUNDACIÓN ROF-CODINA	185.000,00 €
<b>Transferencias a servizos interuniversitarios</b>	<b>259.520,00 €</b>
CONSORCIO PARA APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	20.000,00 €
IITMATI	5.420,00 €
GRUPO COMPOSTELA	8.000,00 €
CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIV. DE GALICIA	112.100,00 €
C.I.U.G. PROBAS DE ACCESO	114.000,00 €
<b>Subvencións a institucións e actividades externas</b>	<b>32.190,00 €</b>
LUGO CUTURAL	20.000,00 €
PATRONATO ROSALÍA DE CASTRO	625,00 €
MUSEO DO POBO GALEGO	1.000,00 €
PATRONATO CASA DA TROIA	1.000,00 €
FUNDAC. CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS	9.565,00 €
<b>SUBTOTAL CAPÍTULO IV (Sen Consello Social)</b>	<b>942.500,00 €</b>
<b>Bolsas Consello Social</b>	<b>57.500 €</b>
<b>SUBTOTAL CAPÍTULO IV (Sen bolsas comedor do SUR)</b>	<b>1.000.000 €</b>
<b>IMPORTE DAS "BOLSAS COMEDOR" DO SUR</b>	<b>100.000,00 €</b>
<b>Gasto en formalización de Bolsas Comedor SUR</b>	<b>521.791,42 €</b>
<b>TOTAL DO CAPÍTULO IV</b>	<b>1.100.000,00 €</b>
<b>Total do Capítulo co gasto en formalización das Bolsas SUR</b>	<b>1.621.791,42 €</b>

## OPERACIÓNS DE INVESTIMENTO: CAPÍTULOS VI E VII

As liñas xerais para o orzamento de 2017 prevén un lixeiro incremento das operacións de investimento financiadas con recursos non afectados pasando de 3.625.147,82€ en 2016 a 3.880.000 € en 2017. Os incrementos concéntranse, esencialmente, no Equipamento Docente para Centros, que pasa de 270 mil a 350 mil Euros (cun reparto desa asignación do 80% para o orzamento estrutural aos centros (Facultades e Escolas) e un 20% para o orzamento condicionado (accións de mellora), no equipamento centralizado, que se dota con 30 mil Euros, e nas accións de investigación e transferencia, que se incrementan en 50 mil Euros.

As accións de renovación de hardware e de melloras na rede de voz e datos dótanse con 900 mil Euros, completando o investimento en curso iniciado en 2016 por 1 millón de Euros, fronte ao reducido crédito dispoñible en 2015, que foi de 394 mil Euros, e dótanse 200 mil Euros para o desenvolvemento de novas aplicacións no marco do Consorcio Interuniversitario CIXUG. Inclúese unha partida de 25.000 euros nos orzamentos da Área TIC para atender as demandas urxentes de equipamento informático do PDI, que serán comunicadas a través dos orzamentos.

Por último, mantense a contía dos recursos para obras de reparación, ampliación e mellora, por un importe de 1,9 millóns de Euros, cantidade que, de se dar circunstancias máis favorables de financiamento tras a aprobación do orzamento da Xunta de Galicia, debería acrecerse para facer fronte aos requirimentos de investimento derivados das necesidades de intervención na Facultade de Farmacia, que, como se sabe, consumirá unha parte importante dos recursos (903 mil Euros).

CAPÍTULO VI: INVESTIMENTOS	NON AFECTADO
Equipamento, reparacións deportes	20.000,00 €
Equipamento docente centros	350.000,00 €
Moblaxe e equipamento área TIC	900.000,00 €
Renovación hardware/Melloras na rede	900.000,00 €
Equipamento centralizado	30.000,00 €
Accións de investigación e transferencia	450.000,00 €
Reparto produción científica a departamentos, institutos e grupos	400.000,00 €
Funcionamento servizos xerais (RIADT)	50.000,00 €
Obras de Reparación, Ampliación e Mellora (RAM)	1.905.000,00 €
<b>Total de gastos de investimento (sen Consello Social)</b>	<b>3.655.000,00 €</b>
Equipamento Cons. Social	25.000 €
<b>TOTAL CAPÍTULO VI</b>	<b>3.680.000 €</b>

CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	NON AFECTADO
Desenvolvemento aplicacións CIXUG	200.000,00 €

### **Detalle das grandes liñas a seguir na aplicación das obras RAM**

As grandes liñas das obras de RAM serán, en primeiro lugar, a reparación de elementos estruturais dos edificios, e especialmente a conclusión das obras requiridas polos problemas do pavillón docente da Facultade de Farmacia; en segundo lugar, desenvolveranse accións para asegurar a estanqueidade das cubertas e evitar o deterioro derivado das filtracións de auga; a mellora das infraestruturas eléctricas e as de calor e refrixeración, e a corrección de deficiencias de edificios e instalacións que impliquen incumprimentos de normativas e regulamentacións industriais e situacións de risco laboral valorados como altos. Por último, atenderanse actuacións de urbanización requiridas para a autorización da posta en funcionamento de servizos e para a corrección de deficiencias na accesibilidade a edificios.

### **OPERACIÓNS DE SANEAMENTO FINANCEIRO: CAPÍTULO V, FONDO DE RESERVA, E CAPÍTULO VIII**

#### **VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS**

As actuacións de gasto orzamentario dirixidas ao saneamento financeiro desdóbranse en dous capítulos:

- O V, no que se establece un fondo de reserva de 250 mil Euros para absorber o déficit acumulado da institución, que, a 1 de xaneiro de 2016, acadaba un importe de 12.429.326,07 € e que a 1 de xaneiro de 2017 prevé reducirse nun importe mínimo de 586.185,78 €, que é a dotación do fondo de reserva fixado no orzamento de 2016.
- O VIII no que se dota, como variación de activos financeiros, ben por aportación de capital ou por formalización dunha operación de préstamo, un importe de 500 mil Euros. Tal dotación responde á necesidade de que a Sociedade UNIXEST, da que a USC é accionista único, aborde un plan de viabilidade para estabilizar as súas contas e asegurar a continuidade da actividade que se considere necesaria, o que fai necesario que a USC dea un tratamento orzamentario ao saldo existente a 31 de decembro de 2015 dos anticipos de tesourería que se lle facilitaban á empresa, como operacións extraorzamentarias, e que se moveron en saldos finais anuais pendentos de cancelar destes importes:

ANO	IMPORTE	SALDO FIN DE ANO
Ata 2000	210.354,23 €	210.354,23 €
2001	-108.182,17 €	102.172,06 €
2002	120.000,00 €	222.172,06 €
2003	-1.836,09 €	220.335,97 €
2004	150.000,00 €	370.335,97 €
2005	220.000,00 €	590.335,97 €
2006	440.000,00 €	1.030.335,97 €
2007	-755.916,99 €	274.418,98 €
2008	16.334,43 €	290.753,41 €
2009	51.800,00 €	342.553,41 €
2010	537.446,59 €	880.000,00 €
2011	-300.000,00 €	580.000,00 €
2012	- €	580.000,00 €
2013	- €	580.000,00 €
2014	- €	580.000,00 €
2015	-80.000,00 €	500.000,00 €

As accións orzamentarias que se apliquen en este apartado referido a UNIXEST deben estar enmarcados no Plan de viabilidade de Unixest, aprobado pola Xunta Xeral de Socios, e debe ter un seguimento periódico en Xunta Xeral de Socios e Consello de Goberno.

#### **GASTOS FINANCIEROS: CAPÍTULO III E IX, VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS**

Finalmente, o orzamento incorpora no Capítulo IX a dotación dos recursos necesarios para facer fronte a devolución da débeda a longo prazo contraída coa Administración do Estado, mediante o instrumento dos anticipos reintegrables, e coas entidades financeiras, mediante préstamos.

EXERCICIO	AMORTIZACIÓN TOTAL	ANTICIPOS REINTEGRABLES	DÉBEDA BANCARIA
<b>2017</b>	4.650.088,56 €	802.909,00 €	3.847.179,56 €

Igualmente, no Capítulo III prevé a dotación para facer fronte aos xuros desa débeda, cuxo custe se estima en 552.577,71 Euros, e reserva outros 234.432,62 Euros para atender outros gastos financeiros, como avais ou xuros de mora ligados ao reintegro de subvencións ou de anticipos destas non executadas ou xustificadas, a xuízo da entidade financiadora.

## **ORZAMENTO PARA O CONSELLO SOCIAL**

O cantidade orzamentaria para o Consello Social é de 200.000 euros que, neste documento están distribuídos por capítulo en base ao último orzamento, e que, en relación co de 2017, serán asignados aos capítulos correspondentes por acordo do Consello Social, quen ten a competencia de elaborar o seu propio orzamento. Aos efectos de poder aplicar os gastos aos capítulos en condicións de homoxeneidade, neste documento foron destacándose os créditos en base á asignación decidida no Consello Social en 2016.

Capítulo II	117.500 €
Capítulo IV	57.500 €
Capítulo VI	25.000 €
TOTAL CONSELLO SOCIAL	200.000 €